

004384 08.06.2017 12:23

En aplicación do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela (USC), aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015, no que se establece o procedemento para a organización de prácticas externas curriculares, extracurriculares ou prácticas para a elaboración dos traballos fin de grao/fin de máster na propia USC, e considerando que se cumpre os presupostos esixidos por esta normativa, artigo 27, relativos a:

**a) Solicitude do órgano convocante das prácticas de inclusión na oferta de prácticas:**

A Escola Técnica Superior de Enxeñaría imparte a titulación de Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental, que recolle a posibilidade de que os alumnos/as realicen prácticas externas en institucións públicas ou privadas de ata 6 créditos ECTS, 150 horas (1 crédito por cada 25 horas), con carácter obrigatorio. Mediante estas prácticas preténdese que o alumnado desenvolva os coñecementos e habilidades adquiridos ao longo dos seus estudos

**b) Informe da unidade receptora de alumnos en prácticas. (No caso de unidades administrativas, este órgano será a Xerencia)**

Á vista do escrito de Dona María Luisa Fernandez Marcos, Coordinadora do **Grupo de Investigación GI-1248 Ciencia do Solo-Lugo (Campus de Lugo)** da Universidade de Santiago de Compostela, de 30 de maio de 2017, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as en prácticas da titulación de Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental, impartida na Escola Técnica Superior de Enxeñaría

**Esta Reitoría resolve,**

1. Autorizar a realización de prácticas académicas externas dos/as alumnos/as da titulación de Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental da Escola Técnica Superior de Enxeñaría nas instalacións do Grupo de Investigación GI-1248 Ciencia do Solo-Lugo (Campus de Lugo) da Universidade de Santiago.
2. Establecer o seguinte réxime de prácticas académicas externas:
  - Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os/as alumnos/as poderán contemplar unha dedicación máxima de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas semanais, agás casos debidamente xustificadas. No caso das prácticas curriculares computarase un crédito por cada vinte e cinco horas de prácticas, sen poder superar o límite de 450 horas , que establece o plan de estudo para estes efectos. Estes créditos recoñeceranse como obrigatorios/optativos segundo o establezan os planos de estudo.

- As prácticas realizaranse no período que determine a Comisión de xestión das prácticas do Centro ou órgano con competencias, de acordo coa dirección do Grupo de Investigación GI-1248 Ciencia do Solo-Lugo (Campus de Lugo) e concretaranse nas convocatorias que realice a USC.
- As prácticas a realizar polo alumnado da titulación de Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental terán relación coas liñas de investigación nas que traballa o Grupo de Investigación GI-1248 Ciencia do Solo-Lugo (Campus de Lugo).
- Ningún alumno/a poderá prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro desta resolución, agás que o centro responsable da titulación autorice expresamente a realización das prácticas extracurriculares reguladas no Regulamento de prácticas académicas externas da USC.
- Estas prácticas non comportarán compensación económica e non implicarán ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinarán a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Os/as alumnos/as que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito. No caso das prácticas curriculares optativas e extracurriculares os alumnos seleccionados deberán matricularse nos prazos establecidos na resolución de adxudicación das prácticas; de non facelo entenderase que desisten da súa realización. E cando se trate das prácticas curriculares obrigatorias ou das prácticas para a realización dos TFG/TFM é requisito necesario para a adxudicación das prácticas que o alumno estea matriculado previamente das materias vinculadas (prácticas externas obrigatorias, TFG ou TFM, segundo corresponda).
- Por cada alumno/a que realice as prácticas no Grupo de Investigación GI-1248 Ciencia do Solo-Lugo (Campus de Lugo) deberán completarse os datos solicitados no Modelo para cumplimentación dos datos específicos das prácticas académicas externas autorizadas por Resolución Reitoral a realizar por parte de estudantes desta Universidade, que figura como anexo a esta resolución.
- A Comisión de prácticas, ou con competencias nesta materia da titulación de Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental da Escola Técnica Superior de Enxeñaría nomeará a un titor académico, que realizará o seguimento das prácticas dos estudantes. Así mesmo, o Grupo de Investigación GI-1248 Ciencia do Solo-Lugo (Campus de Lugo) deberá nomear un titor desta área para supervisar as prácticas realizadas polo alumnado.



- Ao finalizar cada período de prácticas cada estudante deberán desenvolver o proxecto formativo e elaborar unha memoria final sobre o realizado.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC ao través do titor/-ra académico/a, á vista da memoria final e do informe do titor/-ra de prácticas externo das dependencias nas que realizou as prácticas.
- Para avaliar favorablemente as prácticas ao estudante, este non poderá ter unha ausencia superior ao 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.
- Cando a avaliación da memoria sexa positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do Grupo de Investigación GI-1248 Ciencia do Solo-Lugo (Campus de Lugo) emitirá por cada estudante, que participase con regularidade nas prácticas externas, unha certificación na que constará o tempo de colaboración e as actividades e tarefas realizadas. A certificación deberá especificar que, só surtirá efectos académicos, logo da avaliación do titor académico da USC.
- O alumnado menor de 28 anos segue baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de accidentes.
- Para calquera situación non contemplada nesta Resolución estarase ao indicado no Regulamento de prácticas académicas externas da USC, aprobado no Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2017

O Reitor



Juan M. Viaño Rey

## ANEXO

### MODELO PARA CUMPLIMENTACIÓN DOS DATOS ESPECÍFICOS DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS AUTORIZADAS POR RESOLUCIÓN REITORAL A REALIZAR POR PARTE DE ESTUDANTES DESTA UNIVERSIDADE CURSO ACADÉMICO 201...../201....

Os abaixo asinantes manifestan que leron e aceptan as condicións e compromisos establecidos na Resolución Reitoral do 6 de xuño de 2017 da Universidade de Santiago de Compostela que autoriza a realización de prácticas no Grupo de Investigación GI-1248 Ciencia do Solo-Lugo (Campus de Lugo), e fan constar a seguinte información:

1.- Tipo de prácticas:  Curriculares  Extracurriculares  Traballo fin de grao/máster

#### 2.- Estudante beneficiario

Apelidos e nome:

.....

DNI .....

O/a estudante declara estar ao corrente no pagamento do seguro escolar para menores de 28 anos ou ter contratado un seguro de accidentes no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional.

#### 3.- Titulación na que está matriculado o estudante

.....

#### 4.- Centro/Dependencia e localidade onde se desenvolverán as actividades:

.....

.....

#### 5.- Titor académico:

D/Dona.....

con DNI.....

#### 6.- Titor externo do Grupo de Investigación GI-1248 Ciencia do Solo-Lugo (Campus de Lugo):

D/Dona.....

con DNI.....

#### 7.- Duración das Prácticas Académicas Externas (dd/mm/aa): do..... ao

..... Nº total de días: .....Horas/día: .....

8.- O réxime de permisos será acordado polo Grupo de Investigación GI-1248 Ciencia do Solo-Lugo (Campus de Lugo) e o estudante, e deberá adaptarse ás normas que a Universidade poida establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte do Grupo de Investigación GI-1248 Ciencia do Solo-Lugo (Campus de Lugo) as obrigas de asistencia á Universidade motivadas polo cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación dos estudantes.

**10.- O Obxectivo** educativo destas prácticas é que o estudante aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

**11.- Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.)**

*O obxecto das prácticas que se van realizar será "Suelos y ambiente. Funciones ambientales del suelo".*

**12.- Sistemas de avaliación e control:** O titor académico, á vista do informe da entidade colaboradora e da memoria final do estudante, avaliará as prácticas desenvolvidas tal e como se establece no artigo 25, apartado 4 do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

**13.- O/a estudante comprométese a cumprir coas seguintes obrigas:**

- a. Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no Anexo.
- b. Cumprir e respectar o sistema organizativo da entidade.
- c. Gardar o debido sixilo respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.
- d. Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- e. Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.
- f. Calquera outro deber previsto na normativa vixente, nos convenios de cooperación educativa asinados entre a USC ou entidade xestora de prácticas e a entidade colaboradora e, a entidade xestora de prácticas vinculada á mesma, coa entidade colaboradora.

O que se asina, por triplicado exemplar, en....., a.....de.....de 201.....

<b>O Titor Académico,</b>          <b>Asinado: .....</b>	<b>O Titor polo Grupo de Investigación GI-1248 Ciencia do Solo-Lugo (Campus de Lugo)</b>          <b>Asinado: .....</b>	<b>O alumno/a,</b>          <b>Asinado: .....</b>
--	---	---